

Cousas de reparos. Outro fraccionamento de contrato?

Javier Bas, que tanto critica os reparos da xestión de Eduardo Reguera, segue acumulando máis e máis reparos do interventor nas contratacións do PP.

"ASR-14.06.13.1 Reparo

Primeira: preséntase proposta da Alcaldía para contratar o **servicio** de impartición dun curso de técnico de ocio turístico e náutico por importe de **21.685,62 €**, no que está incluído o IVE e o servicio de preparación, seguimento, control da actividade docente, avaliación da impartición e titorías para ese curso por importe de **4.307,60 €** e no que está incluído o IVE.

Décima: entende, sen embargo esta Intervención que estes dous contratos poderían supor un fraccionamento de contrato posto que refírese a unha única actuación, **sen que poida contratarse individualmente calquera dos dous, precisando un do outro para a súa correcta execución.**

Os importes de ámbolos dous contratos, superan o límite de 18.000 € e a xuízo desta Intervención podería incorrerse nun fraccionamento do contrato "**prohibido**" polo apartado segundo do seu artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, **polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, cando di que:**

"No podrá fraccionarse un contrato con la finalidad de disminuir la cuantía del mismo y eludir así los requisitos de publicidad o los relativos al procedimiento de adjudicación que correspondan".

Débese ter en conta que "o ano anterior nun caso similar o que agora son dous contratos adxudicouse nun só acto a un adxudicatario". **Tamén é reseñable que as ofertas en ámbolos dous casos son das mesmas empresas.**

Por todo o exposto e en aplicación dos artigos 215 e 216 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais infórmase negativamente, entendéndose este informe como reparo. Este reparo supón a suspensión da tramitación do expediente posto que afecta á letra b) do artigo 216 da referida norma.

Este é o meu informe, en todo caso é a Alcaldía quen decide."

O SR.ALCALDE DECIDE:

"Tendo en conta que o fin último das Administracións Públicas e a **satisfacción do interese xeral.**

Que o **Concello ostenta competencias en materia de reinserción social**, de acordo co artigo 25.2.k) Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Que a realización deste curso é necesario para o cumprimento do curso AFD, que ten coma obxectivo ó de conseguir que xente que se atopan en paro atopen un traballo.

Tendo en conta que deben cumprirse uns prazos para a correcta xustificación destes cursos.

Coñecendo que, tal como se acredita no informe da Concelleira de 12 de xuño de 2013, ambas actuacións para a súa correcta execución precisan de que sexan realizadas por dúas empresas diferentes. (Non é o que di o informe de intervención)

Sabendo que **queda claro do expediente que “o obxecto dos contratos é diferente e polo tanto de carácter independente”** e que existen en todos os expedientes de contratación tres propostas polo que se cumpre co principio de competencia que rexe na lexislación contractual administrativa. *(Outra vez se equivoca intervención)*

Coñecendo que a Constitución Española establece que a actuación dos poderes públicos debe perseguir o interese público e entendendo que tal como se recolle nesta exposición o interese público que se está a defender é o do acceso ó traballo ós cidadáns do Concello de Redondela. (¿A que traballo? Porque non contrataron a ninguén)

RESOLVO:

Primeiro.- Proceder, de acordo coa competencia que establece o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ó levantamento do reparo baseado no interese xeral que supón a loita contra o desemprego coas razóns expostas ó longo deste decreto

Segundo.- Que se continúe co procedemento para á contratación do servizo. Redondela. 14 de xuño de 2013."

NON QUEREMOS RIR PORQUE É MOI SERIO E ADEMAIS NON PODERIAMOS PARAR E PODE QUE NOS DERA DOR DE ESTÓMAGO

¿ISTO É TODO? NON; HAI DOUS CONTRATOS MÁIS PARA A MESMA ACTIVIDADE:

"ASR-27.06.13.1 Reparo

Primeira: preséntanse propostas da Concellería de Emprego para contratar o subministro de material didáctico para o curso de técnico de ocio turístico e náutico por importe de 8.265,49 €, no que está incluído o IVE e o contrato de aluguer para o citado curso por importe de 7.700 € e no que está incluído o IVE.

Terceira: o contrato consiste, tal como se explicitou na primeira consideración, na impartición do curso AFD citado, e para o que é necesario unha serie de elementos

náuticos para a práctica do windsurf, kitesurf ou vela entre outros e asemade material para dito curso coma é vestiario. Esta contratación só pode facerse en función da declaración xenérica que recolle o primeiro apartado do artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Décima: entende, sen embargo esta Intervención que estes dous contratos **poderían supor un fraccionamento de contrato posto que refírese a unha única actuación, sen que poida contratarse individualmente calquera dos dous**, precisando, para a correcta execución dos mesmos, da **existencia do outro mais dos dous contratos que foron fiscalizados por esta Intervención no informe ASR-14.06.13.1 Reparo e no que xa se facía a mesma advertencia.**

Os importes de todos os contratos superan o límite de 18.000 € e a xuízo desta Intervención podería incorrerse nun fraccionamento do contrato “**prohibido**” polo apartado segundo do seu artigo 86 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, cando di que:

“No podrá fraccionarse un contrato con la finalidad de disminuir la cuantía del mismo y eludir así los requisitos de publicidad o los relativos al procedimiento de adjudicación que correspondan”.

Volve a repetir a situación de que nestes dous contratos as ofertas solicitadas son sempre ós mesmos terceiros e que coinciden cos dous xa fiscalizados."

¿NECESITAN VOSTEDS ALGÚN COMENTARIO?

CONCLUSIÓN

CONTRATOS:

- 1.- Servicio de **impartición** dun curso de técnico de ocio turístico e náutico
- 2.- Servicio de **preparación, seguimento, control** da actividade docente, **avaliación** da impartición e **titorías** para ese curso.
- 3.- Subministro de **material didáctico** para o curso de técnico de ocio turístico e náutico
- 4.- **Aluguer** para o citado curso

QUEDE CLARO:

NON É UN FRACCIONAMENTO DE CONTRATO

EN REALIDADE É “O QUE QUEIRA O SR ALCALDE”